XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
Cofinanciado pola Unión Europea
Fondos Europeos

CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)
R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

Contratación dunha persoa moza como peón de obras públicas

DESCRICIÓN DA OPERACIÓN

O Concello de Val do Dubra contratará unha persoa moza para desempeñar o posto de peón de obras públicas, ao abeiro do programa «Contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027», convocatoria para o ano 2026.

OBXECTIVOS

A actuación ten como obxectivo fomentar o emprego xuvenil, favorecer a inserción laboral das persoas mozas e facilitar a adquisición de experiencia profesional, mellorando as súas oportunidades de acceso ao mercado de traballo. Así mesmo, pretende contribuír á conservación, ao mantemento e á mellora das infraestruturas e dos espazos públicos municipais.

RESULTADOS ESPERADOS

A persoa contratada desenvolverá as tarefas propias da categoría profesional de peón de obras públicas, incluíndo traballos auxiliares de construción, reparación, conservación e mantemento de vías, espazos públicos e outras infraestruturas municipais, así como labores de apoio ao persoal municipal nas actuacións propias do posto.

Con esta contratación, o Concello de Val do Dubra pretende reforzar os servizos municipais, mellorar o estado e a conservación dos espazos públicos e ofrecer á persoa contratada unha oportunidade de adquirir experiencia laboral e mellorar a súa empregabilidade.

COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA

Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, contribuíndo ao fomento do emprego xuvenil e á mellora das oportunidades de inserción laboral das persoas mozas.

COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA.